

Os determinantes demostrativos

Lembra

Os **demostrativos** son as palabras que indican a distancia que hai entre a persoa que fala e os seres ou os obxectos a que se refire. Os demostrativos van no mesmo xénero e número ca os substantivos a que se refiren.

1 Pincha enriba dos demostrativos.

Esta gorra é de Martiño e este pau é meu.
Esa pelota é de Mariña e esas raquetas son de Xoán.
Aqueles balóns son de Xela.



2 Fíxate na ilustración anterior e completa coas palabras propostas.

- A gorra está _____ de quen fala.
- A pelota non está nin _____ de quen fala.
- Os balóns están _____ de quen fala.
- As raquetas non están nin _____ nin _____ de quen fala.
- O pau de golf está _____ de quen fala.

3 Completa cos demostrativos que faltan.

		Moi preto	Próximo	Afastado
Singular	Masculino	este		
	Feminino			aquela
	Neutro		iso	
Plural	Masculino		eses	
	Feminino	estas		